



INFORMACIÓN PARA ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO

Todo o alumnado deberá pasar **antes do día 16 de maio pola secretaría** para dar un correo electrónico persoal (***non o do IES***) que se utilizará na aplicación NERTA que xestiona as probas ABAU.

- Entrega de boletíns de notas:

- O día 23 de maio ás 10:25 horas polos titores nas respectivas aulas.

- Reclamacións contra as cualificacións finais:

- Antes de facer unha reclamación **deberáse revisar a nota co/a profesor/a** correspondente.
- As **reclamacións** deberán presentarse na Secretaría do centro, **por escrito e dirixidas á Dirección** os días **23 e 24 de maio ata as 14:00 horas**.
- Resolución ás reclamacións o día **25 de maio** ás **11:00** horas.

- Premios extraordinarios de bacharelato

O alumnado que teña unha **nota media no bacharelato igual ou superior a 8,75** puntos poderá concorrir ás probas para acadar un dos 20 premios extraordinarios de bacharelato convocados pola Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A convocatoria completa destes premios, **e que deberán consultar**, está no **DOG do xoves 15 de marzo de 2018**. O lugar e data dos exames están no **DOG do 30 de abril de 2018**.

O prazo para matricularse nestes premios **finaliza o 2 de xuño** .

(A matrícula farase preferentemente de forma electrónica ou se non en papel nun rexistro público oficial, **non se pode facer no centro**).